



**COMPOSICIÓN E RÉXIME DE
FUNCIONAMENTO DO CONSELLO
ASESOR DE PACIENTES
DA ÁREA DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E A BARBANZA**



INDICE DE CONTIDOS

- I. CONTEXTUALIZACIÓN
- II. OBXECTO E NATUREZA
- III. COMPOSICIÓN DO CONSELLO E FUNCIÓNS DOS SEUS MEMBROS
- IV. FUNCIÓNS
- V. FUNCIONAMENTO

Anexo I. Solicitude de participación no Consello Asesor de Pacientes da Área de Santiago de Compostela e A Barbanza

CONTROL DE MODIFICACIÓNS		
Nº EDICIÓN	APARTADOS MODIFICADOS	DATA DE APROBACIÓN
0		28/12/2018

I.- CONTEXTUALIZACIÓN

O Consello Asesor de Pacientes da Area Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza formalízase en decembro de 2018, de acordo co establecido na Orde do 16 de outubro de 2018 pola que se regula a composición e o réxime de funcionamento dos consellos asesores de pacientes da área.

DOG Núm. 208 Mércores, 31 de outubro de 2018 Páx. 47522

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 16 de outubro de 2018 pola que se regula a composición e o réxime de funcionamento dos consellos asesores de pacientes de área.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia fixa no seu artigo 32 os principios reitores do Sistema público de saúde de Galicia, entre os que destaca como número 2 dun total de 19, o relativo á orientación cara a cidadanía e a participación social e comunitaria na formulación de políticas sanitarias, así como do control das súas actuacións.

Para iso téñense desenvolvido distintos instrumentos como poden ser a Escola Galega de Saúde para cidadáns ou o Consello Asesor de Pacientes, creado mediante a Orde da Consellería de Sanidade do 22 de agosto de 2011.

O Consello Asesor de Pacientes é o órgano de asesoramento do Servizo Galego de Saúde que ten como finalidade a mellora da seguridade dos e das pacientes, dos seus familiares e das persoas coidadoras, fomentando os niveis de participación e facilitándolles aos e ás pacientes a información necesaria para a toma de decisións.

Na Estratexia do Servizo Galego de Saúde 2020, en cuxa elaboración participaron os pacientes e as pacientes a través das asociacións que os representan, defínense una serie de obxectivos estratéxicos entre os cales se atopan: orientar a estrutura de prestación de servizos cara as necesidades dos pacientes e das pacientes, a mellora da atención á cronicidade, a concesión aos e ás pacientes de maiores cotas de poder, dándolles formación e información, para así axudalos a mellorar o seu estado de saúde; todo iso, de xeito que se incremente nas persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde o sentimento de propiedade e corresponsabilidade na xestión do Sistema público de saúde de Galicia.

A participación da cidadanía na xestión do Sistema público de saúde de Galicia constitúe, ademais dun valor social, un instrumento de cooperación e información para a mellora da súa saúde e do seu benestar. É por iso que, contar coa súa participación a través das asociacións de pacientes é unha forma de poder coñecer de primeira man as súas necesidades polo que á saúde e ao seu coidado se refire, así como a percepción que teñen do funcionamento do Sistema público de saúde de Galicia. En definitiva, trátase de avanzar na mellora da calidade da asistencia sanitaria, neste caso, a través da implicación das persoas destinatarias desta, para deste xeito mellorar o coidado da súa saúde e optimizar o uso dos recursos humanos e técnicos que o Sistema público de saúde de Galicia pon en cada momento ao seu dispor.

A través da Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 68, do 9 de abril, introducíronse modificacións relativas aos órganos de participación social no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia. Entre outros órganos de participación, no artigo 26 bis regúlanse os consellos asesores de pacientes, os que, de acordo co establecido no seu punto 1, se configuran como órganos de participación das asociacións nas cales se agrupan os e as pacientes, tendo como finalidade a

mellora da calidade da asistencia sanitaria a través da súa propia percepción, sendo así que no punto 2 artigo 26 bis citado, prevese que nas áreas sanitarias existirán consellos asesores de pacientes de área como órganos de participación das asociacións nas que se agrupan os pacientes no ámbito territorial das respectivas áreas.

Pola súa parte, o artigo 68 da Lei 1/2018, do 2 de abril, relativo ás áreas sanitarias, establece no seu punto 2 que a división territorial do Sistema público de saúde de Galicia estrutúrase nas seguintes áreas sanitarias:

- a) Área sanitaria da Coruña e Cee.
- b) Área sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza.
- c) Área sanitaria de Ferrol.
- d) Área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.
- e) Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- f) Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

II.-OBXETO E NATUREZA

O obxecto deste documento é regular a composición e réxime de funcionamento do Consello Asesor da Área de Santiago de Compostela e A Barbanza.

Nos termos previstos no artigo 22.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Consello Asesor de Pacientes de Santiago de Compostela e A Barbanza é un órgano colexiado de, que ten por finalidade a mellora da calidade da asistencia sanitaria a través da percepción dos servizos sanitarios por parte dos e das pacientes, así como informar asesorar aos órganos responsables, en cada momento, da dirección e xestión das áreas sanitarias.

O Consello Asesor de Pacientes de Santiago de Compostela e A Barbanza actuará coma estrutura de participación das asociacións nas cales se agrupan os/as pacientes no ámbito territorial da área e, por medio destas, dos e das pacientes, das súas familias e das persoas físicas e/ ou xurídicas que representen os seus intereses e/ou se responsabilicen do seu coidado, directamente ou a través doutras persoas e/ou institucións.

III.- COMPOSICIÓN DO CONSELLO E FUNCIÓNS DOS SEUS MEMBROS

Presidente: A persoa titular da Xerencia.

A persoa titular da presidencia poderá ser substituída pola persoa titular da dirección de procesos asistenciais da estrutura orgánica de xestión integrada de Santiago.

A presidencia terá como funcións:

- a) Acordar a convocatoria das reunións ordinarias e extraordinarias do Consello.
- b) Coordinar as súas actividades.
- c) Dirixir as reunións do Consello.
- d) Levar adiante a execución dos acordos adoptados.

Secretario/a: A persoa titular da Subdirección de Atención ao Paciente.

A persoa titular da secretaría poderá ser substituída por outra persoa que, formando parte do cadro de persoal da estrutura de xestión integrada ou do órgano que, de ser o caso, a substitúa, teña a condición de empregada pública.

A secretaría terá como funcións:

- a) Efectuar a convocatoria das reunións por orde da presidencia.
- b) Recibir e custodiar as propostas dos membros do Consello.
- c) Preparar os asuntos que deban ser tratados en cada reunión.
- d) Redactar e autorizar as actas das reunións e, se é o caso, expedir as certificación dos acordos adoptados.
- e) Dar traslado dos acordos adoptados aos órganos ou entidades que correspondan.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretaria ou secretario.

Vogais:

- a) As persoas titulares dos órganos unipersoais de dirección da Xerencia integrada:
 - . A Dirección de Procesos Asistenciais
 - . A Dirección de Recursos Económicos
 - . A Dirección de Recursos Humanos
 - . A Xerencia Executiva da Barbanza

A persoa titular dunha vogalía poderá ser substituída pola persoa que designe a persoa titular do órgano que a designou ou, de ser o caso, do órgano por cuxa razón teña a condición de vogal.

- b) Unha persoa representante das seguintes asociacións:
As asociacións mencionadas foron designadas pola persoa titular da Xerencia, de acordo co previsto na Orde do 31 de outubro, e seguindo as directrices establecidas nela.

ASEM ASOCIACIÓN GALEGA ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES

CONARTRITIS ASOCIACION DE ARTRITIS DE SANTIAGO

ASOTRAME ASOCIACION TRASPLANTADO DE MEDULA OSEA

AGAPREM ASOCIACION DE FAMILIAS DE NENOS PREMATUROS

UGADE UNION GALEGA DE EPILEPSIA

AUTISMO FEDERACION AUTISMO GALICIA

LINFEDEMA ASOCIACION GALEGA DE LINFEDEMA



ASOCIACION DE PACIENTES E USUARIOS DO CHUS

ALCER	ASOCIACION PARA A LOITA CONTRA ENFERMIDADES DE RIL
ASPANAES	ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO ESPECTO AUTISTA (TEA)
AGAL	ASOCIACION GALEGA DE LUPUS
ASPAS	ASOCIACION PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL
ACEM	ASOCIACION COMPOSTELA DE ESCLEROSE MULTIPLE
FADEMGA	ASOCIACION FADEMGA GALICIA
AMBAR	ASOCIACION AMBAR DAS PERSOAS CON DIVERDIDADE FUNCIONAL
ACREBA	ASOCIACION PRO SAUDE MENTAL A CREBA
COGAMI	COGAMI
LRG	LIGA REUMATOLÓXICA GALEGA
AUSO CHUS	ASOCIACIÓN DE USUARIOS DO SERVIZO DE ONCOLOXIA DO CHUS
FEGEREC	FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMIDADES RARAS E CRONICAS
AECC	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER
ACCU	ASOCIACION DE CHRON Y COLITIS ULCEROSA
ASANOG	ASOCIACION GALEGA DE NENOS ONCOLOXICOS
SARELA	ASOCIACION DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA
RENACER	ASOCIACION ANTIDROGA RENACER
AGADEA	ASOCIACION GALEGA DE ALZHEIMER
AGADHEMO	ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA



IV.- FUNCÍONS

As funcións do Consello Asesor de Pacientes de Santiago de Compostela e A Barbanza son:

- ✓ Asesorar sobre aqueles aspectos, actividades, procedementos ou servizos que teñan impacto sobre as condicións da asistencia sanitaria, prevención da enfermidade e mellora da saúde e autonomía persoal que, con carácter xeral, afecten aos e ás pacientes, así como ás familias e ás persoas físicas ou xurídicas ás que se fai referencia no artigo 2.
- ✓ Asesorar e colaborar, nos termos e condicións en que en cada caso se acorde, sobre os contidos das guías de información dirixidas aos e/ou ás pacientes que, dalgún modo, lles afecten.
- ✓ Asesorar sobre a información de mellora da seguridade dirixida aos e ás pacientes.
- ✓ Colaborar no deseño dos espazos dos centros sanitarios para a mellora da súa accesibilidade e funcionalidade.
- ✓ Realizar propostas que poidan contribuír á mellora da atención e coidado dos e das pacientes.
- ✓ Calquera outra que de común acordo se decida xunto cos órganos responsables da dirección e xestión das áreas sanitarias, ou que, de selo caso, poida derivarse:

1º.- Dun mandato legal.

2º.- Dunha petición formulada pola persoa titular da consellería competente en materia de sanidade ou, a través desta, polas persoas titulares do resto das Consellerías da Xunta de Galicia, en relación con asuntos que poidan afectar aos intereses dos e das pacientes.

3º.- De peticións que, dirixidas á persoa titular da consellería competente en materia de Sanidade e previamente validadas por esta, se formulen por outros órganos de participación social no ámbito sanitario; por representantes de institucións privadas que presten servizos de asistencia sanitaria no ámbito territorial da área sanitaria de que se trate e, en xeral, por representantes doutras administracións, ou institucións públicas ou privadas.

V.- FUNCIONAMENTO

O Consello Asesor de Pacientes de Santiago de Compostela e A Barbanza reunirase polo menos unha vez ao ano, e sempre que sexa posible dúas, establecéndose os meses de marzo e outubro como datas de reunións ordinarias.

Así mesmo, reuniranse tantas veces o considere necesario a persoa titular da presidencia, por iniciativa propia ou a petición da terceira parte dos membros de cada consello asesor.

A convocatoria de cada reunión e a documentación que se una, remitiranse ao enderezo de correo electrónico de cada membro do consello. A secretaría adoptará todas as medidas necesarias para a protección dos datos persoais de acordo coa normativa vixente na materia.

Poderán participar nas reunións, con voz pero sen voto, aquelas persoas que polas súas actividades, coñecemento ou experiencia, a Presidencia considere oportuno que estean presentes por razón dos asuntos que se vaian a tratar.

De cada reunión que se realice levantarase unha acta na que se recollerá a relación das persoas asistentes e darase conta dos asuntos tratados e os acordos adoptados. Destes acordos se informará ao Consello Asesor de Pacientes de Galicia nun prazo de dez días.

En todo o non previsto neste regulamento aplicaranse supletoriamente as previsións contidas nas disposicións que resulten de aplicación, respecto dos órganos colexiados, Lei 16/2010 do 17 de decembro, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ou no seu caso, das normas que as modifiquen ou substitúan.

En Santiago de Compostela, a 28 de decembro de 2018



Anexo I.



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONSELLO ASESOR DE PACIENTES DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A BARBANZA

Solicitante

D./Dña.....
representante/s legal/is da asociación de pacientes.....
con domicilio na rúa.....
nº....., piso..... de....., provincia de
con teléfono.....e correo electrónico.....

SOLICITA

A incorporación de dita asociación ao Consello Asesor de Pacientes de Santiago de Compostela e A Barbanza, según se recolle no DOG 208 de 31 de outubro de 2018.

Documentación

- Copia auténtica dos estatutos da asociación
- Acreditación da representación legal da asociación por parte do solicitante ou solicitantes

Información a aportar

- A asociación forma parte do Consello Asesor de Pacientes de Galicia: Sí Non
- Consellos asesores de pacientes de área nos que solicita a súa integración:

- Consellos asesores de pacientes de área dos que xa forma parte:

- Nome das persoas que representa á asociación, como vocal e suplente, en cada consello asesor de pacientes dos que forme parte:

Data:

Sinatura

XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA